

PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

NUMERO EXPEDIENTE	2024057008
ASUNTO	INICIO DO EXPEDIENTE DO CONTRATO DE PATROCINIO DEPORTIVO "EUROPEO DE CICLOCROSS 2024"
TRÁMITE	Incoación do expediente

A Vicepresidenta Segunda, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte;
PROVIDENCIA:

O art. 116 da Lei de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), dispón a celebración dos contratos das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 LCSP.

1. NECESIDADE E IDONEIDADE*

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, define os contratos de servizos como aqueles cuxo obxecto son prestacións consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

No seu artigo 28, dispón que as entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas.

Para a tramitación dos contratos no eido da Deputación de Pontevedra, o Servizo de Contratación aprobou as instrucións para a tramitación dos expedientes de contratación da Deputación de Pontevedra 1/2023, na que se indica no apartado 5 que deberase xustificar a necesidade do contrato en base a:

- 1) Ámbito competencial e fins da Deputación:

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dispón no seu artigo 36. D) que as competencias propias das Deputacións serán as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece



que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Entre os obxectivos que inclúe a lei do Deporte de Galicia, no seu artigo 7, as deputacións provinciais, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

- Fomentar, promover e difundir o deporte.
- Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.
- Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

A Deputación de Pontevedra traballa acotío para impulsar e fortalecer a imaxe da institución provincial, coordinando todas as accións comunicativas que contribúan a transmitir unha imaxe coherente, transparente, clara e unificada da Deputación de Pontevedra, así como axudando a que a información sociocultural, deportiva, actividades de dinamización e coñecemento, actuación de comunicación e calquera outra que se realicen en aras do ben común poidan chegar a ter o impacto desexable no territorio provincial en tódolos ámbitos da súa competencia.

A Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeneral de Publicidade, define o contrato de patrocinio publicitario como “aquele polo que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índole, comprométese a colaborar na publicidade do patrocinador”.

A técnica de patrocinio pode definirse como un instrumento de comunicación comercial que conecta directamente á organización que patrocina, neste caso a Deputación de Pontevedra, cun acontecemento atractivo para os seus intereses institucionais, logrando así impacto entre un público determinado previamente definido que lle resulta de interese para conseguir os obxectivos fixados no seu plan de comunicación.

O patrocinio é unha técnica de comunicación estruturada na que o patrocinador actúa coa finalidade de obter un beneficio directo, ao asociar a súa imaxe corporativa ou de marca, os seus produtos ou servizos, á actividade, persoa ou entidade patrocinada.

Na RP 2020019503 aprobada polo servizo de comunicación para regular os contratos de patrocinio establécese que en función dos obxectivos que se fixe a Deputación de Pontevedra, dispón de tres modalidades distintas de patrocinio, unha delas é o patrocinio de imaxe, onde o obxectivo é reforzar ou construír unha imaxe de marca, provocando unha forte asociación entre o acontecemento e a marca. Nas instrucións tamén se definen as finalidades do patrocinio, sendo estas:

- Aumentar o grao de coñecemento da institución.
- Mellorar a imaxe ao asocialo a un evento ou actividade de prestixio.



- Aumentar da credibilidade da marca ou da fidelidade do público.
- Mellorar a relación cos distintos públicos.
- Reforzar a difusión de mensaxes, estratexias ou obxectivos a través destes eventos ou actividades.

Nesta mesma liña, dentro dos obxectivos de comunicación da Deputación indícase que se tentará vincular a marca a diferentes temáticas como poden ser:

- Compromiso cos ODS e Axenda 2030, sendo a igualdade de xénero, a saúde e o benestar parte dos mesmos.
- Innovación e tecnoloxía no tecido económico provincial.
- A loita decidida pola igualdade e a incorporación das mulleres.
- Cohesión territorial.

Visto as liñas marcadas pola Resolución, vemos que este tipo de contratos deportivos encádranse dentro das liñas de actuación de patrocinio marcadas.

O deporte érxese hoxe en día tanto como unha actividade enormemente enriquecedora e xeradora de benestar persoal, como un importante instrumento de cohesión social, un eficaz vehículo para a transmisión de valores e un sólido elemento de impulso económico, consolidándose durante a crise sanitaria como unha actividade esencial para os españois. A contribución da industria do deporte á economía española é do 3,3 %.

A área de deportes da Deputación de Pontevedra estableceu entre as súas prioridades estratéxicas a promoción e fomento do deporte, así coma o turismo deportivo, co claro obxectivo de dinamizar, transformar e modernizar dito sector no ámbito do deporte e do turismo.

Isto obriga ás institucións, en virtude das súas competencias en materia de deporte, a manter un permanente obxectivo de innovación e adaptación, para responder ás necesidades e aspiracións da cidadanía, buscando fundamentalmente accións máis eficientes e coordinadas cos axentes deportivos.

Os eventos deportivos de especial relevancia, destacan por fomentar hábitos e valores de vida saudable, poñendo en valor ao deporte e impulsando un retorno económico elevado.

2) Idoneidade do seu obxecto e contido e necesidade de contratación externa:

Co fin de acadar ditos obxectivos, a Deputación de Pontevedra leva a cabo unha serie de actividades de dinamización, de fomento e de promoción do deporte, promovendo servizos e actividades que a institución presta de cara á cidadanía, transmitindo valores e hábitos saudables a través da actividade física e o deporte.

Nesta liña, a Deputación aposta pola celebración de eventos deportivos de gran relevancia, na que se inclúen as probas de carácter internacional, nesta ocasión levarase a cabo o European Championship 2024 de ciclocross en Pontevedra, un dos eventos de ciclocrós máis importantes do calendario internacional, que reunirá nas beiras do Lárez a máis de 900 participantes chegados de todos os recunchos do vello continente e do que sairá o campión de Europa.



Todo isto, fará desta cita, ca provincia de Pontevedra se converta na capital do ciclocrós a nivel europeo e o escaparate idóneo da nosa provincia e da cidade de Pontevedra.

A realización de este tipo de eventos na provincia de Pontevedra considérase unha actividade de interese para a Deputación de Pontevedra, xa que constitúe un factor esencial no desenvolvemento deportivo, supón un estímulo para fomentar o deporte base e cumpre unha función representativa e de reputación xeral do deporte na provincia.

Na actualidade o servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra non conta cos medios propios necesarios para levar a cabo este tipo de eventos deportivos, pero si pode plasmar o seu apoio e así poder cumprir cos seus fins e os seus ámbitos competenciais.

Por todo o exposto anteriormente, dáse por xustificada a necesidade e idoneidade de realizar este contrato de patrocinio entre a Deputación de Pontevedra e a Federación Galega de Ciclismo.

2. SERVIZO SOLICITANTE*:	
Servizo:	Deportes
Responsable do contrato:	David Simal Fondevila (Xefatura de Sección de Deportes)
Responsable da Administración:	David Simal Fondevila (Xefatura de Sección de Deportes)

3. OBXECTO DE CONTRATACIÓN E DIVISIÓN EN LOTES*:	
Denominación do contrato:	Patrocinio deportivo do Campionato de Europa de Ciclocrós 2024.
Obxecto e contido:	O obxecto do contrato é establecer as condicións e actuacións en materia de publicidade e patrocinio entre a Deputación de Pontevedra e a Federación Galega de Ciclismo con CIF G36644870, para o patrocinio do Campionato de Europa de Ciclocrós 2024 que se celebrará desde o 1 ao 3 de novembro.
CPV:	92621000-0- Servicios de promoción de espectáculos deportivos
Lotes	<input type="checkbox"/> SI Son os seguintes:
	<input checked="" type="checkbox"/> NON: Xustificación: O obxecto do contrato non será dividido en lotes por non ser posible realizalo de forma independente ao ter a exclusividade da proba a Federación Galega de Ciclismo.



4. TRAMITACIÓN PROPOSTA*:	
Tramitación propuesta:	<input checked="" type="checkbox"/> ORDINARIA <input type="checkbox"/> URXENTE No caso de tramitación urgente, motivación: <div style="border: 1px solid black; height: 40px; width: 100%;"></div>
Tramitación anticipada:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON
Incluído no plan anual de contratación:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON

5. FINANCIACIÓN*:		
Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/340.3410.226.02	100.000,00 €

6. PRAZO DE EXECUCIÓN/DURACIÓN*:	
Prazo de execución/duración do contrato:	Dende a firma do contrato ata a finalización do campionato o 3 de novembro de 2024.
Posibles prórrogas nos contratos de duración:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON Número de prórrogas: Duración de cada prórroga:

7. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:	
CONCEPTO	CUSTO
O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 100.000,00 euros, que se adecúa aos prezos do mercado, e desagrega conforme ao seguinte detalle:	
Custos totais	82.644,63 €
IVE (21%)	17.355,37 €
TOTAL	100.000,00 €



XUSTIFICACIÓN DOS PREZOS*

Establecer a valoración do retorno que supón para a provincia este tipo de patrocinios deportivos, así como determinar o coste e determinación do prezo do contrato, non esta suxeito a métodos ou tarifas preestablecidas, determinándose o retorno de inversión, como o valor xerado polas contraprestacións establecidas no contrato.

A Federación Galega de Ciclismo presenta unha memoria do retorno estimado para esta proba para a Deputación de Pontevedra, establecendo un retorno publicitario de 2.043,865 euros. Esta estimación de costes e de retorno está baseado no estudo dos retornos de inversión denominados ROI, no que estímase o retorno dunha acción.

Vista a memoria económica do retorno publicitario e de difusión que presenta a Federación, na que estima o coste dunha publicidade para este tipo de eventos en máis de 2.000.000,00 € e o coste das contraprestacións, na que estima o prezo do contrato de patrocinio en 100.000,00 € (IVE engadido), sendo este un prezo acorde cos parámetros de mercado e inferior ao 15 % marcado na normativa reguladora dos contratos de patrocinio tramitados polo servizo de Comunicación Institucional.

Polo exposto anteriormente, o servizo de Deportes ve xustificado o prezo establecido para o contrato de patrocinio entre a Federación Galega de Ciclismo e a Deputación de Pontevedra.

8. RÉXIMEN DE PAGOS*:

Nunha única factura polo prezo de adxudicación do contrato. Coa factura entregarase unha memoria detallada na que se recolla pormenorizadamente todas as accións publicitarias recollidas no prego de prescricións técnicas.

9. CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTAS*:

<input type="checkbox"/> Obras (arts. 25 e 26 RD 1098/2001)	Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría ____
<input checked="" type="checkbox"/> Servizos (arts. 37 e 38 RD 1098/2001)	<input type="checkbox"/> SI: Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría ____
	<input type="checkbox"/> NON: O código CPV propio do obxecto do contrato non ten correspondencia con ningún dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, segundo o Anexo II do RD 1098/2001.
<input type="checkbox"/> Non procede	(Outros contratos ou para o caso de tramitación por procedemento aberto simplificado abreviado)



10. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA CAPACIDADE , SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA*:	
Habilitación empresarial ou profesional específica	<input type="checkbox"/> SI: Especificación e explicación: <input checked="" type="checkbox"/> NON
SOLVENCIA ECONÓMICO-FINANCIERA	
<input checked="" type="checkbox"/> O aplicable en defecto de previsión	
<input type="checkbox"/> Outros	Determinación:
	Xustificación:
<input type="checkbox"/> Non procede	(Tramitación para procedemento aberto simplificado abreviado)
SOLVENCIA TÉCNICA	
<input checked="" type="checkbox"/> O aplicable en defecto de previsión	
<input type="checkbox"/> Outros	Determinación:
	Xustificación:
<input type="checkbox"/> Non procede	(Tramitación para procedemento aberto simplificado abreviado)

11. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:	
Criterio:	Exclusividade
Xustificación:	De acordo co previsto ao artigo 168 a) 2º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; no que se indican os supostos de aplicación do procedemento negociado sen publicidade, nos que os órganos de contratación poderán adxudicar contratos utilizando o procedemento negociado sen a previa publicación dun anuncio de licitación, no seu apartado a).2 indica que "cando as obras, as subministracións ou os servizos só poidan ser encomendados a un empresario determinado, por algunha das seguintes razóns: que o contrato teña por obxecto a creación ou adquisición dunha obra de arte ou representación artística única non integrante do Patrimonio Histórico Español; que non exista competencia por razóns técnicas; ou que



	<p>proceda a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial”.</p> <p>O citado servizo de patrocinio e publicidade, realízase baixo uns dereitos de exclusividade á Federación Galega de Ciclismo (xuntase documento no expediente).</p>
--	--

Considerando:

- O establecido no artigo 73 do Real decreto 1098/20001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), e en cumprimento dos principios establecidos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá determinarse con precisión a necesidade que pretende cubrirse, así coma a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacelas.
- Que por Resolución da Presidencia 2024002205 de data 15 de marzo de 2023, delegáronse en cada Deputada/o responsable de cada área ou centro xestor o inicio dos expedientes de contratación para obras, servizos e subministracións nas súas respectivas áreas e adxudicar os contratos menores, seguindo o procedemento establecido para o efecto.

Dispoño,

Primeiro.- Iniciar o expediente para a contratación do patrocinio deportivo para o Campionato de Europa de Ciclocrós 2024 por estimarse xustificada a súa necesidade para atender as demandas do interese público que a Deputación ten atribuídas.

Segundo.- Remitir ao servizo de contratación a seguinte documentación para que se prepare o pertinente expediente e elévese ao órgano de contratación para a súa aprobación.

Asinado electronicamente ao marxe.